

PSICÓLOGO

Xunta de Galicia

Convocatoria DOG 21/03/06

Titulación: Licenciado en psicología

Exercicios:

Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un grupo de 100 preguntas tipo test con respostas alternativas propostas polo tribunal, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel, e relativos ao contido da parte xeral e específica do programa correspondente a cada categoría.

A porcentaxe máxima de preguntas da parte xeral do temario será o 30% do total das preguntas.

No devandito test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas (2) horas.

Segundo exercicio de carácter eliminatorio, consistirá:

Na resolución de dous supostos prácticos con preguntas tipo test con respostas alternativas, relacionados coas materias relativas á parte específica do programa ou

Nunha proba práctica relacionada coas materias relativas á parte específica do programa.

Para a realización deste exercicio disporase dun tempo máximo de catro (4) horas para os supostos prácticos ou, no caso de proba práctica, o sinalado no anexo I.

Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio: os aspirantes, no prazo máximo de cinco (5) horas, deberán desenvolver por escrito tres temas, obtidos mediante sorteo polo tribunal, un deles, que se elixirá de entre dous, correspondente á parte xeral e dous, que se elixirán de entre catro, correspondentes á parte específica do programa de cada categoría.

Cuarto exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que teñan acreditado xunto coa solicitude a posesión do curso de perfeccionamento de galego.

Parte xeral

Tema 1. O concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. A Constitución española de 1978. Principios informadores. Estrutura. A reforma constitucional.

Tema 2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais da Constitución española. Garantías e tutela. A participación social na actividade do Estado.

Tema 3. A Coroa e as súas funcións constitucionais.

Tema 4. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. Aspectos básicos do proceso de elaboración e aprobación das leis. O Tribunal de Contas. O Defensor do Pobo.

Tema 5. O Tribunal Constitucional: natureza, composición e competencias. O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os tribunais superiores de Xustiza. O Ministerio Fiscal.

Tema 6. O Goberno do Estado. A súa composición e funcións. O presidente do Goberno. Os ministros. Relación entre o Goberno e as Cortes.

Tema 7. A Administración do Estado. Órganos centrais. Órganos periféricos. Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais. Órganos consultivos da Administración do Estado. O Consello de Estado e outros órganos consultivos.

Tema 8. A distribución territorial do poder do Estado. O Estado das autonomías na Constitución. Procesos de constitución das comunidades autónomas. Estrutura, aprobación e reforma dos estatutos de autonomía.

Tema 9. A Administración pública e o dereito. Fontes do dereito administrativo e a súa xerarquía. O valor do costume e dos principios xerais.

Tema 10. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos-lei e decretos lexislativos.

Tema 11. O regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos. Fundamento e límites da potestade regulamentaria. Regulamentos ilegais: a súa impugnación.

Tema 12. A relación xurídico-administrativa. Os administrados. Situacións xurídicas dos administrados. Potestades regradas e potestades discrecionais.

Tema 13. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. Eficacia e executividade do acto administrativo. Nulidade, anulabilidade e derogación dos actos. Revogación e revisión de oficio.

Tema 14. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación e principios informadores. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Especial referencia ao silencio administrativo.

Tema 15. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Materia recorrible, lexitimación e órgano competente. Recurso de alzada, reposición e revisión.

Tema 16. A xurisdición contencioso-administrativa. Concepto e natureza. O recurso contencioso-administrativo. Partes e actos impugnables. Procedemento. Recursos contra sentenzas. Execución de sentenzas.

Tema 17. Contratos administrativos: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causas e forma. Formas de contratación. Contido e efectos dos contratos. Resolución, rescisión e renuncia.

Tema 18. O Estatuto de autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 19. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 20. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta. Composición e funcións. Organización e estrutura das consellerías. A Administración periférica da Comunidade Autónoma.

Tema 21. As administracións locais. O municipio. A provincia. Outras entidades locais. Especial referencia á comarca e á parroquia.

Tema 22. O funcionamento das entidades locais. Potestade regulamentaria das corporacións locais. Réxime xurídico e impugnación de acordos.

Tema 23. O persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma. Persoal funcionario e persoal laboral. Criterios diferenciadores.

Tema 24. A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. A carreira administrativa. Situacións administrativas dos funcionarios. Dereitos, deberes e réxime disciplinario.

Tema 25. Persoal laboral. O convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tema 26. Provisión de vacantes, selección e contratación do persoal laboral da Xunta de Galicia. Licenzas, excedencias, beneficios sociais. Incompatibilidades.

Tema 27. O contrato de traballo. Concepto. Natureza. Suxeitos. Capacidade para contratar. Forma. Documentación e proba. O sistema de colocación. As relacións laborais excluídas.

Tema 28. Modalidades do contrato de traballo. Traballo en común e en grupo. O traballo directivo. Contratos formativos: contrato de aprendizaxe e contrato de traballo en prácticas. Contrato de traballo a tempo parcial e de revezamento. A contratación temporal estrutural.

Tema 29. O salario. Modalidades de salario. A estrutura salarial. A protección do salario.

Tema 30. O dereito de representación colectiva do persoal ao servizo das administracións. O dereito de reunión, sindicación e folga. A representatividade sindical: órganos de representación.

Tema 31. As comunidades europeas. As liberdades básicas do sistema comunitario. As institucións comunitarias e o seu funcionamento.

Tema 32. As comunidades europeas. Natureza, obxectivos e fins. Nacemento e fases da súa evolución. Os tratados orixinarios e de modificación.

Tema 33. O orzamento. Concepto e clases. O orzamento do Estado. A súa estrutura. O ciclo orzamentario.

Tema 34. A contabilidade pública: concepto. Contabilidade preventiva, executiva e crítica. Ingresos orzamentarios, créditos orzamentarios e remanentes de crédito. Devolución de ingresos. Contraído, formalización, intervención.

Tema 35. As contas da contabilidade pública. A planificación contable. Plan xeral de contabilidade pública. Ámbito e contido do plan. Obxectivos. Criterios de valoración.

Grupo I, categoría: 6. Titulado/a superior psicólogo/a.

Tema 1. Marco legal dos servizos sociais. A Constitución. O Estatuto de autonomía. A Lei de bases de réxime local.

Trasposos de competencias.

Tema 2. A política social das comunidades europeas. O Fondo Social Europeo.

Tema 3. A Lei de servizos sociais de Galicia. Marco legal. Estrutura. Contido.

Tema 4. Os servizos sociais de atención primaria. Contido e organización. Programas e proxectos. Equipamentos. Supervisión e coordinación. O plan concertado para a execución das prestacións básicas dos servizos sociais municipais.

Tema 5. A Lei galega de medidas básicas para a inserción social. Antecedentes e fundamentación. Estrutura e contido. Normas de desenvolvemento. O Plan galego de inclusión social.

Tema 6. A Lei de integración social para minusválidos. Normas de desenvolvemento. A valoración e cualificación de minusválidos. Os equipos técnicos de valoración: composición e funcións.

Tema 7. A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

Tema 8. Lei sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Tema 9. A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia.

Tema 10. A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Tema 11. O marco legal regulador do divorcio e da separación matrimonial: causas, procedementos e medidas reguladoras. Os equipos técnicos adscritos aos xulgados de familia: composición e funcións. Funcións do psicólogo.

Tema 12. Decreto 329/2005 polo que se regulan os centros de menores e atención á infancia.

Tema 13. O Plan Integral de Apoio á Familia: principios inspiradores; obxectivos; niveis de intervención; programas de actuación.

Tema 14. A metodoloxía en psicoloxía. O concepto de método. O método experimental: definición e estrutura. Os métodos correlacionais: definición e características xerais. O principio de mainstreaming: incorporación da perspectiva de xénero na intervención social.

Tema 15. Os tests psicométricos. Características. Os tests de intelixencia. Os tests de aptitude. Os cuestionarios de personalidade. Características. Tipos de cuestionarios.

Tema 16. Os tests proxectivos. Características e clasificación. O Rorschach. O TAT. A entrevista psicolóxica. Concepto e características. Tipos de entrevista psicolóxica.

Tema 17. Técnicas de avaliación condutual. Definición. Estrutura e obxectivos. Tipos de técnicas.

Tema 18. O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos de informe. Estrutura do informe psicolóxico.

Tema 19. A psicoloxía comunitaria. Antecedentes. Definición e características. Ámbitos de actuación. Prevención. Estrés psicosocial e apoio social. Os roles do psicólogo comunitario.

Tema 20. O sistema familiar. Estrutura e funcións. O ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas. Abordaxes de intervención ante conflitos familiares e maritais: mediación familiar, orientación e consello psicolóxico.

Tema 21. Os equipos técnicos do menor: características; metodoloxía da intervención.

Tema 22. O desenvolvemento evolutivo do neno: o primeiro ano;

a primeira infancia; a segunda infancia; a adolescencia.

Tema 23. Alteracións propias da primeira infancia: reaccións neuróticas; psicoses endóxenas; psicoses orgánicas.

Tema 24. Alteracións propias da idade escolar: fobia escolar; atraso escolar; fracaso escolar.

Tema 25. Inadaptación social e conduta delituosa. Inadaptación social: concepto e proceso de inadaptación social. A delincuencia xuvenil: teorías criminolóxicas sobre a delincuencia xuvenil. Factores influentes. Modelos de tratamento desde unha perspectiva penal.

Tema 26. Estratexias de prevención da conduta inadapada. Prevención primaria. Prevención secundaria. Prevención terciaria. Prevención e tratamento na comunidade e nas institucións.

Tema 27. Os malos tratos á infancia: definición, tipoloxías, factores de risco, o proceso de intervención ante o maltrato infantil.

Tema 28. A neurose: concepto e clasificación. A psicose: concepto e clasificación.

Tema 29. As persoas con discapacidade en Galicia. Concepto. Tipoloxía. Programa e medidas de actuación social. Centros e medidas de integración sociolaboral.

Tema 30. Atención temperá. Obxectivos. Modelos de intervención. Ámbitos de actuación e programas.

Tema 31. A deficiencia mental. Concepto. Clasificación. Características. Problemática social. Atención e servizos específicos.

Tema 32. A parálise cerebral. Características clínicas. Problemática social e asistencial.

Tema 33. Psicóticos. Características clínicas. Problemática social e asistencial.

Tema 34. Autistas. Características clínicas. Problemática social e asistencial.

Tema 35. Prevención da minusvalidez. Prevención perinatal. Hixiene e seguridade no traballo e na vida cotiá.

Tema 36. A terceira idade. Características físicas e psicolóxicas da vellez. Psicopatoloxía. Problemáticas sociais. Os servizos sociais para a terceira idade. Programas e recursos. Situación actual na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 37. Drogodependencia e marxinación. Conceptos básicos. Tipos de adición. Epidemioloxía. Motivación, actitudes e factores de risco. A rede de atención a drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 38. A poboación xitana en Galicia. Aspectos demográficos. Problemática específica. Medidas para a integración social.

Tema 39. A violencia de xénero: definición. Orixe. Recursos e programas de intervención. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Tema 40. A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. As políticas de igualdade na Administración pública de Galicia. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: estrutura, composición e funcións.